

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

10272 Orde AAA/1783/2013, do 1 de outubro, pola que se modifica o anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.

A Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, relativa aos envases e residuos de envases, definiu o que debía entenderse como envase para os efectos da dita directiva. Posteriormente foi necesario aclarar esta definición, polo que a través da Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, se modificou a definición de envase e se incluíron unha serie de criterios, así como unha serie de exemplos ilustrativos deses criterios, que se incorporaron no anexo I. Incluíase, ademais, a previsión de que a Comisión Europea, cando proceder, examinaría e revisaría os exemplos que ilustran a definición de envase do anexo e, en particular, analizaría o caso das caixas de CD e vídeo, testos, tubos e cilindros arredor dos cales se enrola un material flexible, papel que se retira das etiquetas autoadhesivas e papel de embalar.

A Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e desenvolvida a través do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases. O dito regulamento incluía xa un anexo 1 en que se detallaban produtos que non tiñan a consideración de envase.

A disposición derradeira única do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, contén unha habilitación para o desenvolvemento, a favor do titular do Ministerio de Medio Ambiente, para ditar as disposicións necesarias para adaptar os anexos do regulamento ás modificacións que, se for o caso, introduza a normativa comunitaria.

A incorporación ao noso réxime xurídico dos criterios que clarificaban e modificaban a definición de envase realizouse a través da modificación da Lei 11/1997, do 24 de abril, efectuada pola disposición derradeira quinta da Lei 9/2006, do 29 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente; por outro lado, a lista de exemplos foi incorporada mediante a Orde MAM/3624/2006, do 17 de novembro, pola que se modifican o anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril, e a Orde do 12 de xuño de 2001 pola que se establecen as condicións para a non aplicación aos envases de vidro dos niveis de concentración de metais pesados establecidos no artigo 13 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.

Posteriormente, cumprindo co previsto na Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, en relación coa revisión de determinados artigos e por razóns de seguridade xurídica e harmonización da interpretación da definición de envase, foi necesario revisar e modificar a lista de exemplos ilustrativos do anexo I para aclarar novos casos que dean lugar a dúbidas acerca de qué debe entenderse por envase e qué non quedaría incluído en tal concepto, como consecuencia da demanda dos Estados membros e dos operadores económicos para crear un ámbito de igualdade para todos no mercado interior.

Os resultados da dita revisión recolléronse na Directiva 2013/2/UE da Comisión, do 7 de febreiro de 2013, que modifica o anexo I da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos envases e residuos de envases.

Co fin de incorporar ao noso ordenamento xurídico os novos exemplos de envases incorporados no novo anexo I e en virtude da habilitación contida na disposición derradeira única do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, procede modificar o anexo 1 («Exemplos ilustrativos da interpretación da definición de envase») do Regulamento para o desenvolvemento e a execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, e derogar, por tanto, o artigo primeiro da Orde MAM/3624/2006, do 17 de novembro.

Esta disposición foi notificada á Comisión Europea antes da súa adopción, de conformidade co establecido no artigo 16 da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos envases e residuos de envases.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados; así mesmo, foi sometida ao trámite de información pública e foi remitida ao Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación das previsións da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

En canto ao fundamento competencial desta norma, hai que remitir ao mesmo título competencial citado na disposición adicional terceira do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, que lle outorga o carácter de lexislación básica sobre planificación xeral da actividade económica e sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.*

O anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril, queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO 1

Exemplos ilustrativos da interpretación da definición de envase

Son exemplos ilustrativos da interpretación da definición de envase contida no segundo parágrafo do artigo 2.1 da Lei 11/1997, do 24 de abril, os seguintes:

Consideraranse envases:

Caixas de doces.

Película ou lámina de envoltura de caixas de CD.

Bolsas de envío de catálogos e revistas (que conteñen unha revista).

Moldes de repostarías vendidos con pezas de repostarías.

Rolos, tubos e cilindros arredor dos cales se enrola un material flexible (por exemplo, película plástica, aluminio, papel), excepto os rolos, tubos e cilindros destinados a formar parte de maquinaria de produción e que non se utilicen para presentar un produto como unidade de venda.

Testos destinados a seren utilizados unicamente para a venda e o transporte de plantas e non para que a planta permaneza neles durante a súa vida.

Botellas de vidro para solucións inxectables.

Eixes porta CD (vendidos cos CD, pero non destinados ao almacenamento).

Perchas para roupa (vendidas co artigo).

Caixas de mistos.

Sistemas de barreira estéril (bolsas, bandexas e materiais necesarios para preservar a esterilidade do produto).

Cápsulas para máquinas de bebidas (por exemplo, café, cacao, leite), que quedan baleiras despois do seu uso.

Botellas de aceiro recargables utilizadas para diversos tipos de gases, con excepción dos extintores de incendios.

Non se considerarán envases:

Testos previstos para que as plantas permanezan neles durante a súa vida.

Caixas de ferramentas.

Bolsas de té.

Capas de cera que envolven o queixo.

Peles de salchichas ou embutidos.

Perchas para roupa (vendidas por separado).

Cápsulas de café, bolsas de papel de aluminio para café e monodoses de café en papel filtro para máquinas de bebidas, que se eliminan co café usado.

Cartuchos para impresoras.

Caixas de CD, DVD e vídeo (vendidas cun CD, DVD ou vídeo no seu interior).

Eixes porta CD (vendidos baleiros, destinados ao almacenamento).

Bolsas solubles para deterxentes.

Soportes de candeas (como por exemplo as que se usan en cemiterios).

Muíños mecánicos (integrados nun recipiente recargable, por exemplo, muíños de pementa recargables).

Son exemplos ilustrativos da interpretación da definición de envase contida no terceiro parágrafo do artigo 2.1 da Lei 11/1997, do 24 de abril, os seguintes:

Considéranse envases, se foron deseñados e destinados a seren enchidos no punto de venda:

Bolsas de papel ou plástico.

Pratos e vasos dun só uso.

Películas ou láminas para envolver.

Bolsiñas para bocadillos.

Papel de aluminio.

Fundas de plástico para roupa limpa de lavandaría.

Non son envases:

Removedores.

Cubertos dun só uso.

Papel de embalaxe (vendido por separado).

Moldes de papel para forno (vendidos baleiros).

Moldes de repostaría vendidos baleiros.

Son exemplos ilustrativos da interpretación da definición de envase contida no cuarto parágrafo do artigo 2.1 da Lei 11/1997, do 24 de abril, os seguintes:

Considéranse envases:

Etiquetas colgadas directamente do produto ou atadas a el.

Parte de envases:

Cepillos de rímmel que forman parte do peche do envase.

Etiquetas adhesivas suxeitas a outro artigo de envasado.

Grampas.

Fundas de plástico.

Dispositivos de dosificación que forman parte do peche dos envases de deterxentes.

Muíños mecánicos (integrados nun recipiente non recargable cargado cun produto, por exemplo, muíños de pementa cheos de pementa).

Non son envases:

Etiquetas de identificación por radiofrecuencia (RFID).»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/2/UE da Comisión, do 7 de febreiro de 2013, que modifica o anexo I da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos envases e residuos de envases.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de outubro de 2013.—O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.